

ACTIVIDADES PARA REALIZAR CO CONTO O PATIO DO MEU COLE

Contido; que podes; traballar con estas; actividades;

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**: Bloque 1.

Área **Coñecemento da contorna**: Bloque 3.

Área Linguaxes. **Comunicación e representación**: Bloques 1, 2 e 3.

FICHA DE LECTURA O PATIO DO MEU COLE

Nece;itaremos;

Conto e póster *O patio do meu cole*.

Con;sideración; para o/a educador/a;

Utilizar as ilustracións do poster axudaranos a captar a atención dos nenos/as e facilitaralles a comprensión da historia.

De;envolvemento;

- Ler o conto utilizando o poster coas ilustracións como apoio.
- Comprobar que todos os nenos/as comprenderon o contido do conto.
- Reflexionar, dunha maneira moi sinxela, sobre a mensaxe do conto, a partir de preguntas como:
 - Quen se queixa porque os nenos e nenas non se poñen contentos cando o sacan da súa mochila?
 - Que lle conta sándwich a Fono? A el compárteno no recreo?
 - A quen non queren nunca compartir os nenos e nenas? Por que?
 - Os nenos e nenas dese cole, comparten o que lles gusta?
 - Compartir o que non queres ou non che gusta, é ser xeneroso/a?
 - Que di a mensaxe que escriben na parede? Que é ser xeneroso/a?



O PATIO DO MEU COLE

Ola son Fono,
o reporteiro con kimono
e hoxe teño que investigar
que é a xenerosidade?

Son xenerosos os nenos?
Comparten cos demais?
Ata o patio dun colexio
vin a preguntar.

-“Bos días Señor Plátano,
díganos como o ve,
compártenlle no patio?
Como o tratan a vostede?”

-“Pois eu sempre moi contento
vou dentro da mochila,
pero á hora do recreo
póño-me triste enseguida”.

-“Vaia “rollo” outra vez froita!”,
din en canto me ven.

-“Se o queres doucho,
non mo vou a comer!”

-“Se algún neno esqueceuse
de traer o seu almorzo,
colaboran os demais
dando parte do seu?”

(O sándwich contesta)

-“Eu como son moi brandiño
e moi fácil de partir,
ás veces si me comparten
e iso faime feliz.”

-“Se o meu recheo gústalles
recíbenme con sorrisos,
pero se non lles agrada
repártenme moi rápido.”

(A palmeira da a súa opinión)

-“A miña experiencia, con todo
moi diferente é,
cando aparezo no patio
todos querenme comer.”

-“Os que me traen, moi felices,
saborean o meu chocolate,
e aínda que os demais pídanelles
a min nunca me reparten.”

(Fala Fono)

“Paréceme que estes nenos
non saben ser xenerosos,
comparten o que non queren
ou o que lles gusta pouco.”

Necesito a vosa axuda
para unha mensaxe lanzar”
e uns botes de pintura
foron o catro para buscar.

Usaron letras moi grandes
e ocuparon a parede,
para escribir unha mensaxe
que todos podían ver:

**Ser xeneroso non é dar
o que non nos gusta
ou non queremos,
é pensar nos demais
e compartir o que temos.**



COMPARTIMOS

Neceſitaremos

Folios e pinturas para colorear.

Consideracións previas

Esta actividade serviranos para asentarmos o contido do conto e o traballado na actividade anterior.

Desenvolvemento

- Retomar a mensaxe final do conto, lelo no alto e tratar de que os nenos e miñas comprendano e memoríceno:
**Ser xeneroso non é dar
o que non nos gusta
ou non queremos,
é pensar nos demais
e compartir o que temos.**
- En Asemblea, reflexionar sobre o que cada un/unha compartiu:
 - Pensa en algo que compartises.
 - Cada neno e nena contará aos demais a súa experiencia: que compartiu e con quen o compartiu.
- Pedir a cada neno e nena, que reflecta iso nun debuxo.
- Para terminar, elaboraremos un mural coa frase "Ser xeneroso é pensar nos demais e compartir o que temos" e colgaremos debaixo os debuxos que nos servirán para reforzar as mensaxes do conto.

